

ACTA

Expediente núm.	Órgano Colexiado
PLN/2023/11	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Extraordinaria urxente

Motivo: «aprobación solicitude de axuda ao IDAE que vence o 24 de outubro o prazo de solicitude»

Data:

20 de outubro de 2023

Duración:

Desde las 11:00 hasta las 11:25

Lugar:

Salón de Plenos

Presidida por:

Secundino García Casal

Secretario:

Eiravedra Alba Filgueira Caneiro

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
32706795J	Araceli Bellas Castro	SÍ
32702634S	Jose Manuel Martínez Pérez	SÍ
76403948H	José Luis Hermida Prieto	SÍ
32672124A	Juan Alberto Rivera Franco	SÍ
32650976S	Manuel Beceiro Couce	SÍ
32626037P	Manuel Varela Mecías	SÍ
76413184P	María Belén Trigo Meizoso	SÍ
32680363P	María Carmen Muíño Filgueira	SÍ
32696031J	María Esther Díaz Vergara	SÍ



32681357J	Raquel Piñeiro López	SÍ
32643269J	Secundino García Casal	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

Inicia o asunto o Sr. Alcalde indicando que conforme ao establecido no artigo 79 do ROF, na convocatoria de sesións plenarias extraordinarias e urxentes o primeiro asunto da orde do día é o pronunciamento dos sres. concelleiros presentes sobre a urxencia.

Indica que a urxencia ven dada polos prazos de presentación da solicitude, que remata a semana que ven, indicando á súa vez que si ben a solicitude non é claro dende o punto de vista xurídico que deba realizala o pleno, pero para maior seguridade xurídica e tendo en conta que sí é o Pleno o competente para o acordo da financiación no caso de que se conceda, sométese a acordo plenario.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, para indicar que é urxente porque o prazo remata o día 24 de outubro.

Apreciada a urxencia por unanimidade, pode continuarse coa sesión

Expediente 779/2023. Solicitude préstamo IDAE proxectos singulares

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Resolución:

O Sr. Alcalde cede a palabra a dona Maricarmen Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que intervén para sinalar que a proposta de alcaldía contén os acordos que se estiman oportunos para poder concorrer á convocatoria de axudas coa máxima seguridade xurídica e evitar requerimentos posteriores. Os acordos son os relativos á participación na convocatoria, aceptación das bases reguladoras, a finalidade de realizar intervencións conducentes a un maior aforro enerxético na rede de alumeadado público, intervencións previstas nunha auditoría enerxética previa. Esta intervención vai permitir gañar un aforro enerxético en torno ao 65%, que ademáis contribuíría a reducir os gastos e reconducir a disponibilidad orzamentaria a outros fins, así como ter un sistema de alumeadado público máis eficiente e respetuoso co medio ambiente.

A proposta fai tamén referencia ao préstamo reembolsable e a súa contía. Unha cantidade de 1.846.627,33€ en forma de préstamo sen xuros que establece un prazo de amortización de 10 anos pero que no análise de aforro obtido podería dar lugar á súa amortización anticipada, en torno aos sete



anos.

Sinala tamén a proposta que se declara ao Fondo Nacional de Eficiencia Enerxética como acreedor preferente por mor deste préstamo e por último, aprobar a memoria descriptiva das actuacións.

Intervén don Juan Alberto Rivera, do grupo municipal Mixto-PSOE, quen indica que está a favor do aforro enerxético e de intentar cambiar o alumeadado público para que sexa máis eficiente. Sinala que é un importe elevado pero entende que na memoria figurará o prazo e sistema de amortización e realizados os cálculos oportunos, e anuncia o seu voto a favor tendo en conta tamén o informe favorable de Secretaría-Intervención, sinalando finalmente que deben atenderse as observacións respecto da contención de gasto xeral para facer fronte ao préstamo.

Intervén dona Belén Trigo, voceira do grupo municipal do PP, quen sinala que se trata da concorrência a axudas para proxectos singulares dentro dunha convocatoria do Estado de uns cen millóns de euros en préstamo e que o Concello de San Sadurniño solicita cáseque dous. Indica que non dubida que é necesario mellorar e cambiar, pero propoñen unha revisión deste gasto pola súa magnitude. Consideran que o importe é esaxerado porque esta convocatoria é compatible con outras axudas ou subvencións e que esta en concreto configúrase como un préstamo, un préstamo de case dous millóns de euros sobre un orzamento anual municipal de tres. Indican que segundo os prazos de amortización que se observan na memoria os pagos anuais serían de máis de douscentos mil euros.

Indica que na súa opinión a auditoría está ben feita, pero estiman que podería plantexarse pedir menos cartos de forma que o aforro de amortización puidera adicarse a parte dos investimentos, xa que na súa opinión hai moita débeda viva. Sinala tamén que lle chama a atención que na auditoría figuran cousas a ter en conta, como caixas rotas das que se adxuntan fotos e que esta circunstancia obedece a un mal mantemento, que ao mellor de realizarse un mantemento máis ordeado e continuo non sería necesario un investimento tan alto. Anuncia a abstención do seu grupo polo motivo do importe, ao seu parecer, esaxerado do investimento.

Intervén don Secundino García, alcalde, que razoa acerca de conceptos xerais que deberían ser de coñecemento de todos os presentes. Indica que os Concellos deberían ser máis eficientes en todo, pero que en materia enerxética en concreto estamos nunha época de transición e a auditoría sinala aquilo que é mellorable, que é practicamente todo, mais na súa opinión a disparidade de criterio ven dada pola diferenza entre política conservadora e política progresista, considerando que a política conservadora plantexa sempre ter primeiro os cartos para logo executar e a política progresista decide pedir un préstamo para poder poñer a disposición a mellora do servizo canto antes.

Sinala que a auditoría o que dí e que a prezos de mercado, aínda que a enerxía non se mida en euros, o gasto aforrado é superior á amortización do préstamo. Sinala que o importe total do préstamo dividido en dez anos da un importe inferior a douscentos mil euros.

Indica tamén que aínda que é un préstamo, funciona como unha subvención en concorrência competitiva, e se a solicitude fora a poucos, non se obtería a axuda, xa que é necesario acadar unha puntuación en materia de contaminación lumínica, temperatura, aforro, telexestión... se o proxecto é de menos investimento existiría o risco de non poder acceder á axuda por non acadar os puntos necesarios. Considera que se trata dunha oportunidade de acometer todo de vez, para modernizar o alumeadado no seu conxunto, en lugar de seleccionar.

Finalmente, pregunta ao grupo municipal do PP se está a favor ou non, xa que non entende a abstención, sinalando que considera que hai asuntos nos que debe definirse, recalando que a solicitude no conxunto debe asegurar un aforro superior ao préstamo para poder obtelo.



Asimesmo, sinala que o Concello non ten débeda bancaria algunha, a diferenza de cando iniciou o seu periodo como alcalde, débeda asociada a un contrato swap que houbo que pagar e reclamar logo importes indebidamente cobrados. O que ten o Concello, indica, é un préstamo da Deputación cuxo periodo de amortización se está a demorar cada ano, préstamo co que se realizou, entre outros, o investimento da Escola Infantil Municipal, sinalando que novamente esta forma de actuar ven dada pola diferenza entre conservadores e progresistas, considerando que os conservadores non terían acudido ao préstamo e por tanto os rapaces de San Sadurniño non terían hoxe Escola Infantil, pero que para ter servizos hai que gastar cartos.

Concede o Sr. Alcalde a réplica a dona Belén Trigo, que sinala que descoñece se o Concello ten ou non débedas bancarias ou con qué banco, xa que non o preguntou.

Intervén don Secundino García, Alcalde, considerando que o feito de que unha concelleira non saiba este dato non a deixa en bo lugar, e reiterando a inexistencia de débeda bancaria.

Continúa dona Belén Trigo sinalando que os préstamos, aínda que a xuro cero, hai que devolvelos, e por tanto, son débeda.

Don Secundino García, Alcalde, puntualiza que a débeda á que se refire a voceira do grupo municipal do PP deriva de axudas outorgadas pola Deputación Provincial de A Coruña aos concellos cando non se podían aplicar os remanentes sendo Montoro Ministro de Facenda, e que se articulou este sistema para amortización a dez anos que vai retrasando cada vez o inicio da devolución e que actualmente estase a negociar politicamente que non exista dita devolución. Indícalle á sra. concelleira que non debería poñer en dúbida que o Concello teña débeda, xa que non a ten.

Intervén dona Belén Trigo para sinalar que o seu grupo municipal do PP non está en contra de que se faga o investimento e a mellora, pero que entenden que é un importe moi elevado, e que ao mellor, se se pedira menos, o que se vai adicar a amortización podería adicarse a outras finalidades.

Intervén dona Maricarmen Muiño, voceira do grupo municipal do BNG, que sinala que o feito de que o Concello está saneado e sen débeda é un dato que pode obterse da Conta Xeral, e que respecto daquel expediente adicouse tempo a realizar as explicacións e aclaracións oportunas na Comisión Informativa. Sinala que respecto da débeda coa Deputación Provincial é unha situación na que se atopan moitos concellos da provincia, e que non son préstamos bancarios.

Respecto da contía sinalada, determina que as bases establecen uns requisitos para o tipo de proxecto e para poder optar á financiación, e que a decisión que se trae ao Pleno é se se concorre ou non á convocatoria, tendo en conta que plantexar un proxecto que a priori non cumpre é o mesmo que non presentarse.

Sinala que o equipo de goberno aposta por un investimento global que dea un aforro real, sendo a alternativa ir facendo parches que se dilatarían no tempo. Indica que o que se pretende é que o que agora se lle paga ás empresas eléctricas, un gasto inxente, sexa adicado a un investimento que a longo prazo fai aforrar ás arcas municipais, co que poderá dirixirse ese aforro a outros fins.

Finalmente sinala que a decisión é concorrer ou non cun proxecto que cumpre as bases, e que é a oportunidade dun proxecto que un Concello pequeno ten moi difícil acometer polos seus propios medios.

Finalizadas as intervencións, sométese a votación o asunto da orde do día:



Con fecha 21 de abril de 2023 se publica en el BOE número 95 la Orden TED/388/2023, de 29 de marzo, por la que se aprueban las bases reguladoras del programa de ayudas para proyectos singulares de renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal, Proyectos Singulares Alumbrado Municipal.

Con fecha 23 de junio de 2023 se publica en el BOE número 149 la Orden TED/674/2023, de 12 de junio, por la que se corrigen errores en la Orden TED/388/2023, de 29 de marzo, por la que se aprueban las bases reguladoras del programa de ayudas para proyectos singulares de renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal, proyectos singulares alumbrado municipal.

Con fecha 26 de julio de 2023 se publica en el BOE número 177 el Extracto de la Resolución de 20 de julio de 2023 del Consejo de Administración de E.P.E. Instituto para la Diversificación y Ahorro de la Energía (IDAE), M.P. por la que se establece la primera convocatoria del programa de ayudas para proyectos singulares de renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal (Proyectos Singulares Alumbrado Municipal), con identificador BDNS 709545.

Siendo intención de este Ayuntamiento concurrir a la citada convocatoria, examinada la documentación señalada y de conformidad con lo establecido en el artículo 22.2.m de la Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, EL PLENO DE LA CORPORACIÓN, por 8 votos a favor de los grupos municipales del BNG y Mixto-PSOE y tres abstenciones del grupo municipal del PP, ADOPTA LOS SIGUIENTES

ACUERDOS

PRIMERO. La participación en la convocatoria correspondiente (Primera convocatoria del programa de ayudas para proyectos singulares de renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal – Proyectos Singulares Alumbrado Municipal) y la aceptación de las bases reguladoras.

SEGUNDO. La concertación de la operación de préstamo reembolsable y su cuantía, de acuerdo con la resolución de concesión de la ayuda correspondiente.

TERCERO. La consideración del Fondo Nacional de Eficiencia Energética como acreedor preferente, por razón de dicha operación de préstamo, por lo que los pagos correspondientes a la amortización del principal del mismo, intereses de demora, o eventuales penalizaciones gozarán de lugar preferente en el orden de prelación de pagos, tras los gastos de personal, en el plan de disposición de fondos de tesorería de la entidad solicitante, durante el periodo de vigencia del correspondiente contrato de préstamo.

CUARTO. La «Memoria descriptiva de las actuaciones a acometer» a la que se refiere el subapartado c de este apartado, la cual, bien se incluirá como anexo del acuerdo, o bien se mencionará en el mismo convenientemente identificada y referenciada.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos



C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

